

OS DOUS AMIGOS [LES DEUX AMIS]

[Louis Garrel, 2015]

PASES EN NUMAX: 1 e 2 de xaneiro de 2018 | V.O.S.E.

Les deux amis (2015, 100')

Dirección: Louis Garrel

Guión: Louis Garrel, Christophe Honoré (a partir de *Les Caprices de Marianne*, de Alfred Musset)

Elenco: Golshifteh Farahani, Louis Garrel, Aymeline Valade, Michelle Goddet, Vincent Macaigne, Laurent Laffargue, Rhizlaine El Cohen

Son: Laurent Benaïm

Montaxe: Joëlle Hache

Dirección de arte: Mathieu Champel, Ferdinand Coste, Stéphane Loup

Vestuario: Justine Pearce

Fotografía: Claire Mathon

Música: Philippe Sarde

Produtoras: Les Films des Tournelles, Arte France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Indie Sales

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2015 (Semaine de la Critique),
Lumière 2016 (Nomeado a mellor actor
—Vincent Macaigne—, mellor actriz novel
—Golshifteh Farahani—), Sevilla 2015
(Sección oficial), D'A Barcelona 2016

FILMOGRAFÍA

La règle de trois, 2011 [curtametraxe]

Petit tailleur, 2010 [curtametraxe]

Mes copains, 2008 [curtametraxe]

323

SINOPSE

Clément, figurante de cinema, está perdidamente namorado de Mona, vendedora nunha tenda de Gare Du Nord. Pero Mona ten un segredo que a converte en inaccesíbel. Desesperado chama ao seu único amigo, Abel, para que o axude na conquista de Mona.

«Unha traxicomedia sobre un ménage-à-trois que é un pouco ‘Jules y Jim’ e outro tanto ‘Los rompelotas’.»

Jonathan Romney SCREENDAILY

OS OLLOS VERDES

● CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX

OS DOUS AMIGOS [LES DEUX AMIS]

[Louis Garrel, 2015]



Nota de intención do director

Louis Garrel

Escribín o guión con Christophe Honoré, que me escolleu como intérprete en seis dos seus filmes. Cando lle propuxen participar no proxecto era tanto na súa condición de realizador como de escritor e guionista. Tentamos escribir unha comedia, unha variación lixeira da peza de Alfred de Musset *Les Caprices de Marianne*. Entusiásmame as posibilidades narrativas e poéticas da idea do trío amoroso. Procuramos mergullar a Abel, Clément e Mona en situacións a un tempo extremas, triviais, extravagantes e absurdas. Confiamos no rocambolesco, a lixeireza e a velocidade do filme para que os personaxes puideran acadar a súa propia profundidade.

Publicado en www.fondation-gan.com/



Anacos de Cannes: Os dous amigos

Por Natalia Wysocka

Como se chama? *Os dous amigos*.

Quen a dirixe? Louis Garrel.

Que fixo antes? Actuou moito. Nuns trinta filmes, de feito. Debutou moi pequeno diante da cámara de seu pai, Philippe Garrel, que o dirixiu entre outras na emocionante *Los amantes habituales* (2005). Como actor destacou tamén en longas de Christophe Honoré, e máis en concreto na inesquecible *Las canciones de amor* (2007). *Os dous amigos* é a súa primeira longa.

De que vai? De... dous amigos. Que namoran da mesma moza. O primeiro en caer namorado é Clément, figurante de cinema algo torpe. O segundo en atraer a súa mirada é Abel, un sedutor despreocupado que se di escritor.

A quen imos atopar? O cineasta encarna o papel do amigo sedutor. Vicent Macaigne está excelente no papel traxicómico do amigo perdedor. A actriz franco-iraniana Golshifte Farahani ten

OS DOUS AMIGOS [LES DEUX AMIS]

[Louis Garrel, 2015]

SOBRE O DIRECTOR

Neto do actor Maurice Garrel, é diante da cámara de seu pai Philippe, cando **Louis Garrel** (París, 1983) dá os seus primeiros pasos no cinema, en *Les baisers de secours* (1989). Como actor acada o recoñecemento internacional interpretando un estudante revolucionario do Maio do 68 en *Soñadores* (2002) de Bernardo Bertolucci, á que seguen varias interpretacións ás ordes do seu pai, como a sobraliente *Los amantes habituales* (2005), coa que acada o Premio César do cinema francés ao Actor Prometedor. A partir dese momento consolídase como un dos principais rostros do cinema de autor en Francia, actuando para autores da talla de Christophe Honoré, Valeria Bruni Tedeschi, Jacques Doillon, Xavier Dolan, Arnaud Desplechin, Michel Hazanavicius ou Bertrand Bonello. Como cineasta Louis Garrel debuta no campo da curtametraxe con *Mes copains* (2008), á que segue a mediametraxe *Petit tailleur* (2010), nomeada aos César á mellor curta e protagonizada por Léa Seydoux, e *La règle de trois* (2011), con Vincent Macaigne á cabeza. *Os dous amigos* é a súa primeira longametraxe.

NA LIBRARÍA NUMAX

Les Caprices de Marianne, Alfred de Musset. Gallimard, 2001

aparecido en filmes tan afastados entre si como o *blockbuster* americano de Ridley Scott *Exodus: Dioses y reyes* (2014) ou a fita independente *A propósito de Elly* (2009) de Asghar Farhadi.

A acollida por parte do público?

Calorosa. Moitos aplausos e risas.

A nosa impresión? É divertida, espiritual, verdadeiramente ben escrita (Garrel asina o guión canda Christophe Honoré a partir de *Les caprices de Marianne*, de Alfred de Musset). Con esta historia de amizade somos tratados de maneira sensíbel. Garrel confiaba ofrecer un intre de lixeireza ao espectador, e abofé que o conseguiu.

Publicado en: <http://journalmetro.com/>

«Quería facer algo similar ás comedias francesas dos 80 e a Jim Jarmusch»

Coloquio con Louis Garrel
Semaine de la Critique Cannes 2015

Sentiches algunha presión ao tentar dirixir o teu primeiro filme á sombra do teu pai? Cando dirixes un filme a presión está en todas partes. Traballei con el catro veces desde os cinco anos. Era como estar nun circo. Ensínoume moitas cousas. É un pracer aprender algo novo con cada filme seu. Mais facemos cousas completamente distintas. El é tamén un pintor. Eu tentei facer unha comedia.

Tiñas claro que querías incluírte como actor do filme? Si, desde o inicio. Fixen varias curtas antes para probar como sería e atopei un gran pracer no proceso. E sabía que quería facer algo con Vincent Macaigne. Quería ter dous personaxes franceses, un alto e outro máis pequeno. Sabía que comezaría un duelo, como nos debuxos animados. Quería facer algo similar ás comedias francesas dos 80 e ao estilo de Jim Jarmusch.

Finalmente é un filme sobre a amizade. A amizade é importante, mais non quería facer un *buddy film* [*filme de amigos]. Quería facer unha película feminina sobre a amizade entre dous homes. Por iso quería que fosen uns inadaptados. Non se integraron na sociedade, son perdedores. Quería amosar o dependentes que son dos

sentimentos. Os sentimentos son o seu único camiño para dialogaren co mundo. Gustoume que Honoré tentase amosar a fenda entre estes dous homes, exactamente como acontecería na vida real. Sabes a clásica escena de dormitorio na que alguén di, «xa non te quero»? Pois iso pero entre dous pallasos [risas].

Cal é a inspiración que hai por tras do filme? O argumento principal baséase en *Les caprices de Marianne* de Alfred de Musset. Na obra, hai dous mozos que non son quen de citarse cunha moza, e un dille ao outro: «Por favor axúdame a ter unha cita con ela». A moza está casada dun burgués e teñen que substraela desa situación. A nós non nos interesaba que Mona fose unha muller casada, daquela puxémola no cárcere. Cando os meus amigos viron o filme dixeron: «Vincent está tolo mais o seu personaxe pode que aínda o estea máis». Foi moi divertido gravar a escena da estación de Gare du Nord. Golshifteh Farahani estaba a chorar e rir, e ninguén sabía como continuar.

A secuencia do baile lembroume o interludio de Dans Paris (Christophe Honoré, 2006). Si, si, si! Nin sequera o tiña pensado. Quería unha escena de baile mais non a típica que podes encontrar nas comedias románticas. Mesmo o meu produtor dixó: «estás certo de que queres manter a escena na que ela baila para el?», e eu respondín, «non te preocupes, vouna facer». O resto do filme construíse a partir da ruptura do ritmo, entendes? Cando tes un intre triste, telo que rachar con outro divertido. Sempre traballei así con Christophe. Queríamos cousas que mudaran o ton todo o tempo.

É a comedia o teu xénero preferido? Non o teño claro, mais a outra noite, cando se proxectou o filme, escoitei risas e foi orgásmico para min. Encantoume porque botei moito tempo só no meu cuarto escribindo as escenas. «Quero escoitar a xente a rir *aquí*». Facer un filme custa moito diñeiro. Leva moito tempo explicar o que queres facer. Gravas, montas, proxectas o filme, escoitas a xente rir e é como un grande alivio. Coas risas é coma se raptases a xente dalgures.

Ensinácheslla a teu pai? Si, claro. E deume un consello: «dálle máis liberdade ao teu montador, o resultado ha ser máis emocionante».

Publicado en www.ea.com/



‘Os dous amigos’, no principio era o cinema

Por Bénédicte Prot

É certo que Louis Garrel tivo bos mestres, mais tamén é certo que se trata dun cineasta mozo que puxo integridade, seriedade, pudor e paixón na tarefa. A manifesta sinceridade da súa mirada brilla especialmente cando a de Abel, o seu personaxe na fita, pausa sobre o seu grande amigo Clément ou sobre Mona, a moza en liberdade condicional da que este último namorou con loucura simplemente véndoa rir detrás do mostrador dunha padaría, e coa que os nosos dous grandes parvos vivirán unha sorte de sórdidas *Vacaciones en Roma* (William Wyler, 1953) entre perdedores, a través da Gare du Nord, cuartos sinistros e bares de mala morte, sen que a aventura perda encanto.

Os dous amigos, moi ben filmado e cheo, sen resultar pesado, de fermosas referencias ao cinema co que Louis Garrel medrou, como persoa e como actor (a escena da rodaxe que reconstruíu os enfrontamentos do Maio do 68 é sobre todo unha alusión á súa propia filmografía, segundo confesa) soborda unha espontaneidade comunicativa que emerxe con ledicia e cunha sinceridade refrescante dun guión meticulosamente composto. Esa naturalidade encóntrase asimesmo na simbiose entre os dous amigos, Abel e Clément, que se meten en leas como uns nenos pícaros e novelescos a risco de rematar en comisaría. Mesmo

nestes intres, a súa amizade é tan sincera e libre de imposturas que non se deixan desanimar, préstanse as chamadas regulamentarias para falar coa moza e anícanse o un contra o outro agardando a que os ceiben.

E logo está a fermosa e sensual Mona, que leva unha existencia marxinal, ao igual ca eles, se cadra máis, aínda que ela non se laie todo o tempo como ese gran bebé egoísta e chorimicas de Clément. Así, o seu secuestro por parte dos dous mozos transfórmase nunha nova cábala na que se revela a súa cómica insolencia, a súa tenrura e sensualidade, que só descubrimos no interior dunha igrexa. A súa irresistible sedución, que triangula as relacións entre os personaxes do filme, provocará mesmo unha verdadeira ruptura amistosa, case dun intre para o outro, ao igual que podemos en calquera instante nos reconciliar entre risas dunha simple broma. Recoñecemos, certamente, na comodidade coa que Louis Garrel expresa este feito ínfimo pero importante, a elegancia do pai. Pero faina súa cunha humildade e unha xenerosidade tan sorprendentes que, ao ver este filme, temos a consciencia de ter coñecido un mozo cineasta cheo de promesas. Porque poucas cousas son máis emocionantes que un filme que consegue revelar toda a súa profundidade e humanidade con lixeireza.

Publicado en <http://cineuropa.org/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX



«**Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX**» presenta cada mes e en exclusiva filmes que, nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España, malia posuíren un destacado percorrido por festivais internacionais e indiscutíbeis logros artísticos.

Ademais, **se estudas na USC, podes obter 1 crédito ECTS pola asistencia ás sesións!** As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org